

PACTO DE GOBERNO DE INTEGRACIÓN 2015-2019

Lalín, 7 de agosto de 2015

Asinantes:

En representación de CxL, Rafael Cuiña Aparicio

En representación del PSdeG-PSOE de Lalín, Nicolás González Casares

En representación de APAC, Lara Rodríguez Peña

Introdución:

Tras os resultados do pasado 24 de maio de 2015, as forzas asinantes deste acordo para un goberno de integración entendemos que a cidadanía de Lalín apostou por un cambio político que mudara a política municipal. Nesta situación, os grupos políticos asinantes deste pacto (CxL, PSdeG-PSOE de Lalín e APAC) consideramos necesario un acordo estable e duradeiro para un goberno municipal de integración que abra un tempo novo na política municipal de Lalín.

1. O pacto e os seus obxectivos fundamentais:

Este pacto pretende que o grupo de goberno funcione dun xeito integrado e mancomunado onde o conxunto dos seus órganos activos actúen coordinados e agrupados para mellorar a situación da nosa vila. Queremos a fin da política clientelar e o benestar da cidadanía de Lalín. En definitiva, queremos un Lalín aberto e libre para todos e todas. Polo tanto, e antepoñendo en todo caso os intereses da cidadanía de Lalín ás opcións partidistas, os representantes das tres agrupacións que forman o goberno: APAC, CXL e PSdeG-PSOE, elaboramos este acordo marco de goberno do Concello de Lalín para os próximos catro anos. Este será público e polo tanto darase a coñecer á cidadanía na súa integridade. O seu grao de cumprimento será supervisado por representantes das tres agrupacións asinantes ao finalizar cada ano a contar dende o día de hoxe. As posibles modificacións ou ampliacións deste acordo precisarán tamén do voto favorable das tres agrupacións que son parte do mesmo.

A acción de goberno requirirá da aprobación das decisións polas tres agrupacións que son parte deste acordo, o cal implica que as decisións terán carácter mancomunado. Para a coordinación de todas as accións do goberno haberá unha comisión de seguimento integrada polos representantes das tres agrupacións ou quen os substitúa. Esta comisión

reunirse de xeito periódico e terá aberta permanentemente unha canle para posibilitar a comunicación inmediata, o que permitirá tamén tomar decisións en casos de urxencia.

Os obxectivos fundamentais deste pacto de goberno están baseados nos programas das tres organizacións políticas asinantes e son a fin da política clientelar, a transparencia na xestión municipal, a participación da veciñanza na vida municipal, a loita polo benestar dos veciños e veciñas de Lalín, a reactivación económica e do emprego de calidade na nosa vila e a defensa da idiosincrasia dos valores de Lalín tanto na súa vida social, o seu patrimonio cultural e o seu territorio e medio natural.

2. Vixencia do pacto:

O espírito deste acordo, e así o manifestan os asinantes, é o dun pacto de lexislatura: dende xuño de 2015 ata maio de 2019.

3. Pacto programático:

Entendemos que o acordo de goberno debe ter un carácter programático, polo tanto, ten que ser un proxecto conxunto, global, plural e inclusivo. Por este motivo, o punto de partida son as concordancias existentes nos programas electorais de cada grupo político e aspectos que cada un dos seus grupos consideraron esenciais dos seus programas electorais.

1. BENESTAR SOCIAL

- Unidades de primeira acollida e urxencia: creación cunha unidade de traballo social para realizar unha primeira atención e información por parte das/os traballadoras/es sociais o mesmo día que acuda ao Concello o/a demandante. Elaborar unha carteira de servizos de Benestar Social.
- Posta en marcha dun servizo de atención á familia e menores cun Programa de Loita contra o Absentismo Escolar con medidas preventivas e de control.
- Transparencia integral no conxunto das políticas sociais tanto nas axudas como calquera prestación pública. Crear una plataforma para o seu seguimento e reclamacións como no relativo a Dependencia.
- Cumprir os compromisos de loita contra a pobreza da Rede Galega contra a Pobreza: a finais de 2016 levar a cabo unha redución nun 15% das persoas que se atopan en situación de risco de pobreza e exclusión, dedicar a protección e promoción social un mínimo de 110 euros/habitante ano.
- Posta en marcha dun plan de fomento da natalidade con axudas directas ás familias por cada nacemento, desgravacións nos impostos e taxas municipais.

Incremento das prazas de gardería e diminución do seu custo ou aumento das axudas.

- Programa de atención ás situacións de emerxencia social para todas aquelas familias ou persoas que teñan dificultades para soste as súas necesidades básicas (alimentación, vestido, medicamentos). Apertura dos comedores escolares este verán con actividades nos centros educativos. As axudas sociais terán carácter inembargable.
- Evitar os desafiuzamentos. Crear unha bolsa de vivendas para destinar a alugueres sociais. Incremento do IBI ás entidades bancarias que teñan vivendas baleiras e non as cedan á bolsa de vivendas. Incremento da taxa por uso da vía pública aos caixeiros automáticos.
- Eliminación da pobreza enerxética. Obrigatoriedade dun informe previo dos servizos sociais municipais naqueles casos nos que exista unha falta de pagamento da luz e da auga. Programa de axudas para eliminar as situacións de pobreza enerxética coa participación das empresas subministradoras.
- Reforzo dos programas e prestacións para dependentes, maiores, familias, nenos/as, mozos/as, igualdade. Establecemento de plans personalizados para o pago dos impostos municipais, servizos de atención ás familias e menores, fomento da igualdade laboral e social, creación dun Observatorio Municipal de Prevención e Asistencia da Violencia de Xénero, concienciación e igualdade no coidado familiar das persoas con enfermidades dexenerativas e programa de avellentamento saudable.
- Plan de conciliación laboral: servizos de canguraxe, defensa das garderías públicas, bono social e apoio á muller.

2. ECONOMÍA E EMPREGO

- Elaboración dun plan de emprego. Elaboración dun plan individualizado para cada desempregado/a, adaptado as súas circunstancias persoais, destinado a mellora da súa capacitación. No ámbito do plan, destinaranse axudas a proxectos de emprendemento con contratos para xente desempregada. Nese plan haberá un apartado específico para o retorno do talento local emigrado.
- Creación dunha axencia de desenvolvemento económico. Este grupo de traballo contará con técnicos/as e representantes dos axentes económicos locais. Isto dará lugar a un banco de proxectos de emprendemento con axudas para a creación de novas empresas e o fortalecemento das xa existentes, o cal traerá consigo a creación de novos postos de traballo. Levarase a cabo a recuperación de chan industrial sen especulación.
- Elaboración dun plan de reactivación do comercio. Crear un foro específico do comercio de Lalín e emprender campañas de apoio e promoción a este sector,

así como a posta en marcha dunha plataforma para a venta online. Reforma da Praza de Abastos, calendario anual de feiras e mercados, despolitización da Feira do Cocido para promoción do noso produto e da nosa artesanía, promoción da sustentabilidade, planificación conxunta das actividades co comercio e moratoria á instalación de grandes superficies en Lalín.

- Elaboración dun plan de desenvolvemento turístico e creación dun Consorcio de Turismo Municipal. Promocionar Lalín como destino turístico e crear unha marca propia.
- Impulso de paquetes turísticos para a súa comercialización, oficina turística aberta en períodos de afluencia cun servizo de información ao peregrino que disporá dunha central de reservas.
- Potenciación das festas tradicionais, instalación de dous paneis turístico-culturais dixitais na vila, traballo conxunto coa hostalería, sinalizar rutas patrimoniais e puntos de interese, visitas guiadas pola zona, potenciación dos diferentes Camiños de Santiago e turismo verde.
- Creación dunha axencia da enerxía ou foro municipal da enerxía onde estarán representadas empresas subministradoras e consumidores/as e promoverá programas de aforro enerxético e a utilización de enerxías renovables. Fomentarse a introdución de Lalín neste sector, tanto a nivel de produción, como en canto á creación de industria auxiliar neste eido na nosa vila.
- Cláusulas sociais na contratación municipal: os contratos a empresas que promova o Concello de Lalín introducirán cláusulas sociais que fagan respectar as condicións laborais dos traballadores/as .

3. MEDIO RURAL

- Plan de recuperación integral para cada núcleo rural do Concello. Dotar de servizos dignos a todo o rural mellorando o saneamento, a conexión a internet e todos os servizos.
- Axudas para a rehabilitación e para a eliminación do feísmo.
- Promoción dos núcleos rurais que se distinguen polo coidado do seu espazo mediante un premio de carácter anual.
- Plan de saneamento rural: con diagnóstico, planificación e obxectivos a medio e longo prazo.
- Plan de mantemento viario do rural: a planificación do mantemento das vías asfaltadas do rural para facer unha programación estable de control e mellora sen favoritismos.
- Estratexia de promoción para os produtores agroalimentarios locais. A través deste foro participativo emprenderanse accións para ter en Lalín un sector agroalimentario punteiro, competitivo e diversificado. Elaboración dun censo

de produtores/as e fomento da súa asociación e coordinación. Favorecer marcas propias para os nosos produtos locais. Establecerase un sistema franquiciado complementario para a difusión e comercialización dos nosos produtos por distintas cidades galegas e de fóra de Galicia. O obxectivo é crear unha industria transformadora e envasadora.

- Agricultura e gandería acordes ao medio ambiente: protección dos espazos naturais de interese e estudo do tratamento dos residuos procedentes das actividades agrogandeiras.
- Apoio ao sector agrogandeiro local por unhas condicións dignas para o seu medio de vida.
- Reclamar o impulso e finalización dos procesos de concentración parcelaria iniciados sen danos medioambientais e de xeito respectuoso co medio e co patrimonio.
- Apoio ás Comunidades de Montes e ao sector forestal a través da transformación da madeira e da biomasa.

4. URBANISMO

- Solución do conflito do *Parking* Europa. Abrir un proceso de renegociación. Alcanzar un preacordo que permita a apertura inmediata do *Parking* como aparcamento público e con prezos atractivos. Recuperación da praza Europa hoxe totalmente degradada.
- Iniciar un proceso paulatino de semipeonalización do centro urbano. Comezar progresivamente, con información e simultaneando o proceso con campañas de promoción do comercio.
- Flexibilización da zona azul a medida que se progresa na peonalización e na apertura do *Parking*.
- Posta en valor do trazado urbano do Camiño de Inverno. Recuperación da contorna da Igrexa de San Martiño e reurbanización da rúa Calzada evocando o seu sentido histórico.
- Bolsa de vivenda municipal para evitar os desafiuzamentos. Facilitar a emancipación e incrementar as vivendas tuteladas para os nosos maiores.
- Plan de axudas para a eficiencia enerxética das edificacións, mellora de fachadas ou introdución de elementos comunitarios.
- Racionalizar as obras de canalización de servizos nas rúas, protexer as edificacións tradicionais que quedan no casco urbano e modificar o PXOM para corrixir os problemas que ten o actual plan vixente.
- Auditoría municipal da accesibilidade e posta en marcha de medidas que melloren a autonomía das persoas con dificultades na súa mobilidade.

- Lalín cinto verde: pechar unha senda peonil que una os extremos do paseo do Pontiñas para uso da cidadanía.
- Plan Integral do paseo do Pontiñas: tras o seu abandono polo Goberno anterior levar a cabo un plan continuado de mantemento e mellora.
- Humanización da Rúa X, mellorar a seguridade e as posibilidades de ocio da Praza da Igrexa e Rúa Colón. Rotonda na Avenida de Madrid á altura do Monserrat, reforma da Praza da Vila, humanización e mellora da seguridade viaria na Avenida Xosé Cuiña.
- Moratoria no desenvolvemento de novas áreas urbanísticas ata que repunte a demanda real de vivenda.
- Mellora na conexión da rede urbana entre o casco urbano de Lalín e as parroquias de Donramiro, Goiás e Filgueira.

5. EDUCACIÓN

- Convocatoria do Consello Escolar Municipal para elaborar unha listaxe das necesidades de Lalín no ámbito educativo e para coordinar os distintos Centros.
- Facer rendibles as instalacións educativas e o transporte escolar. Creación dun banco de libros municipal.
- Establecer un plan de axuda e reforzo educativo de carácter municipal.
- Adhesión ás propostas do Movemento Dezao polo Ensino Público.
- Extensión dos Bancos de Libros de texto a todos os Centros educativos.
- Desenvolver programas de formación extraescolar básica en ciencia, arte e tecnoloxía.
- Coordinación municipal coas ANPAs para as actividades extraescolares.
- Consecución de terreos e cesión á Consellería de Educación para a construción dun Centro Integrado de Formación Profesional.
- Revisar o convenio coa UNED en Lalín.

6. FACENDA

- Transparencia contable municipal: arqueo de contas anual e situación de débeda viva e pendente coas entidades de crédito nas que se especifique as condicións dos préstamos.
- Eliminación de gastos suntuarios e superfluos como coche oficial e comidas institucionais.
- Fiscalidade municipal baseada na capacidade económica real dos e das contribuíntes, progresiva e orientada ecoloxicamente, bonificacións ás familias en desemprego nas taxas de lixo, auga e circulación.

- Retirar as contas bancarias dentro dos límites legais das entidades que desafiucen.
- Bonificacións no ICIO para a rehabilitación de vivendas no rural.
- Sistema de zona azul gratuíto con parquímetros que permitan anular a denuncia.
- Redución progresiva do Imposto sobre o Incremento do valor dos terreos de Natureza Urbana nas herdanzas mentres non se aclare a súa absoluta legalidade (pendente do Tribunal Constitucional) e a súa eliminación no caso de desafiuzamento ou dación en pago.

7. SANIDADE

- Solicitar a construción do Centro de Alta Resolución que substitúa o actual ambulatorio.
- Demandar o incremento de medios técnicos e humanos que precisa o actual ambulatorio: esixir a extensión da Atención Pediátrica a horario de tarde, reclamar un servizo comarcal de hemodiálise, reposición das prazas vacantes, control ecográfico do embarazo, programa de control, prevención e asistencia odontolóxica.
- Petición de aumento da dotación do Sistema de Emerxencias 061 en Lalín: dotación dunha Ambulancia Sanitarizada.
- Fomentar o funcionamento dos centro ocupacionais para atender os colectivos con necesidades específicas e un plan de axuda para a atención de pacientes encamados.
- Fomentar a participación cidadá na defensa da Sanidade Pública.
- Lalín vila cardioprotexida: programa municipal de desfibrilación precoz e reanimación cardiopulmonar, programa formativo en coidados preventivos do corazón e posta en marcha de asociación de enfermos cardiolóxicos.
- Programa municipal de difusión de coidados e saúde: loita contra o sedentarismo, alimentación saudable, información básica de saúde.

8. XUSTIZA E SEGURIDADE CIDADÁ

- Defensa do Partido Xudicial de Lalín. Reclamar á Xunta de Galicia que os Xulgados de Lalín teñan a dotación necesaria de medios persoais e materiais para que o servizo da xustiza en Lalín sexa de calidade.
- Control do cumprimento da lexislación sobre incompatibilidades no persoal do Concello de Lalín e a Policía Local. Dotala de medios e facer que sexa eficaz.

9. MEDIO AMBIENTE

- Concienciación, protección e posta en valor dos espazos naturais: promover a plantación de especies autóctonas, plan de limpeza dos ríos, reclamación á

Administración dun plan de control das especies invasoras e sinalar árbores singulares de Lalín.

- Programas de voluntariado medioambiental que promovan a repoboación forestal, a prevención de incendios e a recuperación das canles fluviais.
- Elaboración dun plan municipal de residuos sólidos urbanos e fomento da compostaxe sobre todo no casco urbano. Valoración da viabilidade dunha planta de compostaxe comarcal. Uso do abono do compost como fertilizante natural dos parques de Lalín.
- Redacción e posta en marcha dunha ordenanza ambiental.
- Auditoría do funcionamento das depuradoras e decantadoras da rede de depuración de augas.
- Erradicación dos vertedoiros incontrolados.
- Vixiar que se cumpra o mandato municipal de Lalín como un Concello libre de transxénicos.
- Plan turístico-ambiental da Serra do Candán.
- Vixiar que a Xunta de Galicia execute as parcelarias atendendo a criterios de mantemento do valor ecolóxico da zona afectada.
- Declaración da Fraga de Casas Vellas e Lagoa da Telleira de Sello como ENIL.

10. CULTURA

- Creación dun Consello da Cultura que deseñará un programa anual e plurianual de actividades culturais en colaboración cos colectivos e asociacións establecendo unha liña de axudas para que estas actividades poidan desenvolverse. Os locais e equipamentos estarán a disposición dos colectivos que os soliciten no marco duns principios para a súa utilización.
- Apoio aos creadores locais e fomento da creación dunha industria cultural local.
- Deseño de itinerarios de carácter temático asociados a persoeiros ilustres de Lalín ou a procesos produtivos.
- Promoción da lingua galega. Creación dun dixital cultural en galego e dun servizo municipal de publicacións. Elaboración dun plan anual de actividades de promoción da lingua galega en todos os ámbitos.
- Recuperación da memoria histórica. Creación dunha comisión plural do rueiro.
- Plan individualizado de defensa e protección de todos os elementos do noso patrimonio arqueolóxico, monumental e etnográfico.
- Recuperación do Cine Lalín. Estudo da viabilidade da recuperación do antigo cine como espazo multicultural.
- Festas: festival de música no verán, recuperar as celebracións tradicionais, organizar unha programación estival para dinamizar Lalín.
- Circuitos parroquiais de Cultura estables.
- Biblioteca Municipal: a biblioteca como elemento fundamental da vida cultural. Os horarios de apertura estenderanse, principalmente nos tempos de exames. A

biblioteca terá o seu programa de actividades propio e crearanse certames literarios locais. Os seus fondos serán elixidos polos profesionais e os usuarios. Posta en marcha dun Club de Lectura municipal.

- Liñares: deseñar un Plan de Xestión de Liñares que inclúan os actuais referentes como o Museo galego da marioneta e o Centro de xestión da cultura castrexa.

11. DEPORTE

- Reforzo das escolas deportivas municipais e aumento das axudas a clubs deportivos repartidas en base a criterios obxectivos. Subscrición de convenios de colaboración coas entidades deportivas.
- Elaboración cos clubs deportivos dun calendario anual de eventos deportivos e incremento das actividades deportivas no medio natural, respectando en todo caso o medio ambiente.
- Creación dunha instalación deportiva múltiple que inclúa un campo de rugby, pistas de atletismo e anel para ciclismo.
- Racionalización do Lalín Arena. Funcionamento mediante contrato/programa de xestión pública. Facer que sexa unha instalación sostible a prezos asumibles. Creación de bonos sociais que abaraten a súa utilización en función da renda dispoñible.
- Mellora das piscinas de verán e da praia fluvial de Vilatuxe para poder realizar actividades variadas.
- Deporte inclusivo e en igualdade de xénero: cuestións primordiais á hora de recibir axudas ou subvencións municipais polos clubs deportivos. Programación deportiva para persoas discapacitadas.
- Deporte como elemento mantedor da saúde: fomento de estilos de vida saudables a través do deporte.
- Deporte como dinamizador turístico: calendario estable de probas promocionado polo Concello. Este poñerá en coñecemento das entidades deportivas que visiten Lalín toda a oferta cultural e de ocio da vila.

12. TURISMO:

- Fomento dos Camiños de Santiago: tanto a Vía da Prata como o Camiño de Inverno, mellorando os trazados e a súa sinalización por parte do Xacobeo.
- Sinalización de rutas patrimoniais que combinen os espazos medioambientais e a riqueza histórico-artística. Elaboración dun programa de roteiros patrimoniais
- Organización de visitas guiadas na zona en tempada alta.
- Instalación de dous paneis dixitais turístico-culturais onde se informe dos principais recursos turísticos aos visitantes e das diversas actividades da vila: feiras, concertos, festas, exposicións, etc.

- Apertura da oficina de Turismo en fins de semana e festivos priorizando na tempada alta de verán e no Mes do Cocido.
- Feira do Cocido: manter a Feira cos principais sinais de identidade, priorizando o evento gastronómico e turístico e combinándoo cun programa de actividades amplo durante o Mes do Cocido, reforzándoo principalmente na fin de semana. Desaparición da colaboración coa entidade privada da “Encomenda do Cocido” e eliminación do palco de autoridades. Reformulación da Gala do Cocido. Promoción do evento turístico coa colaboración dos principais restaurantes. Control do gasto da Feira do Cocido.
- Lalín Natureza Activa: Converter Lalín nun referente nos deportes e ocio de natureza no interior de Galicia utilizando os recursos dispoñibles

13. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- Creación dunha Comisión pola transparencia e a participación cidadá entre os membros do goberno municipal. Esta estará formada por un membro de cada unha das agrupacións que sustenta o Goberno para facer un seguimento e avaliación das políticas postas en marcha nestes eidos.
- Elaboración dun regulamento de participación cidadá que recolla os dereitos de información, de petición, de propostas e reclamacións da cidadanía e de consulta popular. Ademais, este regulamento establecerá a creación dun servizo de participación cidadá, un valedor da cidadanía e un Consello Social cuxos membros serán elixidos polo pleno do Concello.
- Fomento do asociacionismo veciñal, tanto no rural como no casco urbano e apoio á creación e funcionamento de todo tipo de asociacións, xa sexan culturais, deportivas ou sociais.
- Políticas transparentes nos procesos de selección de persoal: a totalidade das ofertas laborais serán publicitadas polo menos na web municipal. Todos os grupos do Goberno terán representantes nos procesos de selección, concursos e contratación de persoal. Así mesmo, invitarase a oposición a participar nos procesos de selección do persoal fixo. Evitarase a subxectividade nas probas selectivas prescindindo na medida do posible das entrevistas.
- Moción cidadá: implantarase o sistema de participación cidadá nos plenos municipais e tamén se levará a cabo a súa difusión pública. Con 250 sinaturas veciñais poderase levar unha iniciativa a debate e a votación municipal.
- Orzamento participativo. Que o 20% do investimento municipal anual se distribúa de xeito participativo seguindo un regulamento. Igualmente, que se consulte á cidadanía os investimentos e os proxectos cun custo superior ao 20% do orzamento municipal.

- Cumprimento da lexislación sobre transparencia. Incluír un enlace na páxina web do Concello que inclúa a publicación da execución do orzamento, os contratos, o patrimonio dos concelleiros/as e todo aquilo ao que obriga a lei de transparencia.
- Elección democrática dos/as representantes parroquias, para o que se elaborará un regulamento que se levará ao pleno municipal.

4. Pacto organizativo:

A organización das competencias do Goberno municipal é a que foi aprobada no pleno organizativo de xullo do 2015. Calquera cambio nalgunha das competencias farase de forma mancomunada entre as tres organizacións que forman o Goberno.

Organización interna:

A cabeza do goberno é o alcalde Rafael Cuiña, quen compartirá as principais decisións que lle competen co voceiro do PSdeG-PSOE, Nicolás González, e coa voceira de APAC, Lara Rodríguez Peña. As decisións principais do goberno serán mancomunadas e compartidas entre os tres grupos. O Goberno está formado, ademais, polos concelleiros e concelleiras que formalmente o compoñen.

Os concelleiros e concelleiras darán conta da súa acción de goberno de xeito semanal na reunión de Goberno que coincidirá coas Xuntas de Goberno Local . Tamén se comunicarán nesas reunións as accións previstas máis salientables. Promoverase o traballo compartido entre as diferentes áreas para favorecer a integración e a responsabilidade dos diferentes membros do grupo de Goberno.

Agás a secretaria persoal do alcalde, o resto do persoal de confianza é compartido, de maneira que calquera cambio que se realice deberá ser comunicado entre os membros do Goberno.

O intercambio de persoal entre departamentos ou a súa reorganización será transmitido entre todos os grupos políticos. Ademais, darase conta de calquera intención de cambio entre os departamentos á concelleira de Emprego, que será informada coa antelación suficiente e terá que recibir a aprobación do alcalde.

Supresión dos coches oficias e do chofer. Os vehículos do Concello estarán a disposición de todo o grupo de goberno para a realización de tarefas do Concello.

As mocións que se leven a pleno dende o Goberno ou dende os seus grupos municipais deberán ser coñecidas con anterioridade á súa presentación en rexistro por todos os membros do Goberno co fin de chegar a acordos previos en aspectos que puideran causar discordancia.

Protocolo de Comunicación:

O Goberno ten un gabinete de Comunicación (composto por un máximo de dúas persoas, das cales unha polo menos terá estudos superiores de Xornalismo /Comunicación) que estará a disposición de todos e todas os concelleiros e concelleiras do grupo de Goberno sen distinción. Polo ben da coordinación da comunicación ante os medios de comunicación, serán os responsables do Gabinete os que asesoren aos membros do Grupo de Goberno da conveniencia dos asuntos a difundir, do seu enfoque e da oportunidade dos mesmos.

O Gabinete de Comunicación enviará diariamente a todos os membros do Goberno un informe de prensa por correo electrónico e, polo menos os representantes dos tres grupos, recibirán todas as comunicacións enviadas aos medios de comunicación. Crearase un protocolo interno para o uso das redes sociais para garantir que a comunicación sexa homoxénea e integrada.

5. Comisión de seguimento e avaliación do pacto:

A Comisión de seguimento estará conformada por representantes de cada formación política. Estes representantes serán elixidos por cada grupo e poderán participar nesta Comisión representantes alleos ao equipo de Goberno. Por cuestións operativas non deberán participar máis de catro representantes por cada grupo. A continuidade de cada representante será algo a valorar entre os grupos que conforman a Comisión.

A Comisión de seguimento reunirse con carácter xeral cada tres meses e con carácter extraordinario cando un dos grupos así o solicite. As funcións da comisión serán:

- Avaliar o grao de cumprimento do programa de Goberno.
- Propoñer novas directrices programáticas.
- Propoñer cambios organizativos no Goberno.
- Trasladar demandas cidadás.
- Propoñer e redactar cambios no pacto.

Os acordos mancomunados deste órgano serán trasladados a todo o Goberno para que os seus membros sexan coñecedores/as e actúen consecuentemente.

6. Resolución de problemas e denuncia do pacto:

Un acordo de integración entre tres forzas políticas diferentes pode dar lugar a diferentes visións incluso na mesma proposta programática. Considérase grave a falta de

respecto ou o menosprezo dun dos grupos de goberno ou das persoas que o compoñen; calquera queixa neste sentido activaría a Comisión de seguimento do pacto.

Cando unha das forzas considere que se dan circunstancias graves que poidan provocar a denuncia ou ruptura do pacto deberá comunicalo á Comisión de seguimento, a cal se reunirá inmediatamente para avaliar esas circunstancias.

O transfuguismo é unha práctica rexeitada polas tres forzas que compoñen este Goberno, polo que non se admitirán membros provenientes doutros grupos que tiveran abandonado a disciplina da súa organización e rexeitaranse aqueles/as que deixen o grupo co cal accederon ao Goberno.

Para asuntos relativos a problemas de índole xudicial ou éticos de membros do Goberno de integración ou da oposición, os tres grupos comprométense a redactar no prazo de tres meses dende a sinatura do pacto, un criterio común que se incorporará a este documento.

7. Difusión do pacto

O contido do pacto será público e terá acceso ao mesmo toda a cidadanía. Calquera cambio nos termos do pacto será comunicado á cidadanía e aos medios de comunicación.

En Lalín, a 7 de agosto de 2015

Rafael Cuiña Aparicio

Nicolás González Casares

Lara Rodríguez Peña

CxL

PSdeG-PSOE

APAC